

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 15/10/1976

Colección:

Data: 15/10/1976

De:

Luís Seoane;

Para:

Marino Dónega;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Exposición de Luís Seoane. Tucumán. 1976; Política;

Mencionados:

Ernesto Corominas; Fernando Dónega; Juan Ramón Jiménez; Fernanda Sánchez Figueiras; Maruxa Seoane; Antonio Tovar;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 15/10/1976

Buenos Aires, 15 de outubro de 1976

Sr. D. Marino Dónega
A Coruña

Querido Dónega:

Recibín a tua carta e estou de acordo con casi toda ela menos co que se refire á miña obra. Toda ela non é mais que un intento de expresarme, de afirmar a miña existencia no mundo, e trátase de un mundo que existe, é real, ou polo menos é real en min, que é un xeito de ser real. Son comprensivo, sempre o fun, como sempre fun liberal, con un liberalismo que non é deste mundo, mais tamén sempre odiei aos tortos de intención, aos conscentemente, calculadamente, desaprensivos; aos demagogos, etc. Por esto loitei, o mais dos seus anos, soio, de acordo coa “inmensa minoría” como escribiu Juan Ramón. Pertenezco a un pasado do que me exiliei e teño medo de començar a esquecer algúns sentimentos que teño matizados moi firmes en min. Inventáronse, fai algúns anos as separacións no terreo das ideas, por xeneracións, e as mais mozas están perdendo todo o que tiñamos perdido nos fai coarenta anos. Repiten a historia. As xeneracións anteriores non contan, como non contan os vellos. Nos aínda creíamos néstes, un pouco menos cecáis que os nosos pais. E posible que nun deses ciclos en que se repite a historia, os fillos volten a comerse aos pais co pretexto de herdar as virtudes déstes. Un pretexto hipócrita que serviu pra non axudalos na súa decrepitude. Naturalmente, non serán así todos os fillos. Endexamáis existe unanimidade nos propósitos dos homes, neste caso por fortuna para os vellos pais. Mais a realidade en canto a min é que son para sempre, casi con seguridade, emigrante dun país extraño, soñado mais que vivido. Emigrante dun pasado moi lonxano, de fai coarenta anos. Un sobrevivinte que aínda traballa. Marcharei de aquí con dúas exposicións abertas, unha en Mar del Plata e outra mais en Buenos Aires, a derradeira con oleos moi pequenos, paxaros e testas, e acuarelas de viaxes. Expuxen en Tucumán, unha cidade culturalmente moi importante, con unha gran Universidade pola calidade do seu profesorado, onde estivo tamén de profesor Tovar, Corominas o matemático, etc., entre os profesores españoles.

Moi pronto estaremos con vosco na Coruña, nos derradeiros días, matizamos, de Decembro ou nos primeiros de Xaneiro.

Unha grande aperta moi garimosa de Maruxa e miña para vos os catro, incluíndo a Milagro:

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.